

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

- 11027** *Lei 6/2009, do 3 de xullo, pola que se modifica o Estatuto Legal do Consorcio de Compensación de Seguros, aprobado polo Real decreto legislativo 7/2004, do 29 de outubro, para suprimir as funcións do Consorcio de Compensación de Seguros en relación cos seguros obrigatorios de viaxeiros e do cazador e reducir a recarga destinada a financiar as funcións de liquidación de entidades aseguradoras, e o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

I

O Estatuto Legal do Consorcio de Compensación de Seguros, cuxo texto refundido foi aprobado polo Real decreto legislativo 7/2004, do 29 de outubro, e modificado pola Lei 12/2006, do 16 de maio, encomenda no seu artigo 14 a esa entidade pública empresarial, entre outras funcións, a de asumir a condición de liquidador das entidades aseguradoras enumeradas no artigo 7.1 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, suxeitas á competencia de execución do Estado ou das comunidades autónomas, cando lle encomende a súa liquidación o ministro de Economía e Facenda ou o órgano competente da respectiva comunidade autónoma.

Por outro lado, o artigo 18 do mesmo estatuto legal determina que é unha recarga a favor do Consorcio, entre outras, a destinada a financiar as funcións de liquidación de entidades aseguradoras, e o número 4 do artigo 23 establece que a citada recarga é un tributo que grava os contratos de seguro, cuxo tipo, anteriormente establecido no 5 por mil das primas dos contratos suxeitos, foi fixado por este precepto no 3 por mil das citadas primas con ocasión da integración da antiga Comisión Liquidadora de Entidades Aseguradoras (CLEA) no Consorcio de Compensación de Seguros pola Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro. A exposición de motivos desa lei xustificouno pola redución de custos que, a través do aproveitamento de sinerxías entre ambos os organismos, permitía a citada integración.

Desde entón, a favorable evolución da actividade liquidadora do Consorcio como consecuencia das previstas sinerxías permitiu atender satisfactoriamente os procesos de liquidación en curso naquel momento e dos iniciados con posterioridade e, grazas a unha eficaz xestión financeira dos recursos, rexistrou, ademais, unha evolución tamén positiva dos fondos dispoñibles na dita entidade para a realización desta actividade.

Á vista disto, resulta posible garantir o bo desenvolvemento futuro da actividade liquidadora do Consorcio cun volume de ingresos en concepto de recargas inferior ao actual, razón pola cal se reduce nun cincuenta por cento a recarga, que pasa a ser do 1,5 por mil.

Adicionalmente, suprímese a exclusión que operaba para as medidas de mellora dos créditos na súa aplicación ás propias entidades aseguradoras, cando concorran, pola súa vez, na liquidación dunha aseguradora respecto da cal eran acreedoras por razón de contrato de seguro, e iso por non se apreciar, na actualidade, razóns que xustifiquen esta discriminación.

II

Noutra orde de cousas, esta lei suprime as funcións do Consorcio en materia de seguro obrigatorio de viaxeiros e de seguro obrigatorio do cazador, consistentes, dun lado, en contratar a cobertura dos riscos relativos a estes seguros non aceptados polas entidades aseguradoras –o que nunca se realizou por non ser necesario, ao ser sobradamente suficiente a oferta existente–, e doutro, en se facer cargo das indemnizacións en determinados casos, como o incumprimento da obriga de aseguramento ou a liquidación da entidade aseguradora. Nestes últimos supostos, á parte da reiterada ausencia na práctica de actuacións do Consorcio, non existe xustificación para a aplicación específica de tales funcións a estes seguros. Obviamente, esta medida debería redundar de forma inmediata nunha diminución do custo de tales seguros, ao deixar de se aplicar as recargas sobre as primas que financiaban estas funcións.

Por último, introdúcese unha modificación procedemental, consistente en que a certificación das cantidades satisfeitas polo Consorcio nos casos en que lle corresponde a facultade de repetición poida ser emitida polos servizos competentes da entidade, en prol da axilización da tramitación da citada acción de repetición.

Artigo primeiro. *Modificación do texto refundido do Estatuto Legal do Consorcio de Compensación de Seguros, aprobado polo Real decreto legislativo 7/2004, do 29 de outubro.*

O texto refundido do Estatuto Legal do Consorcio de Compensación de Seguros, aprobado polo Real decreto legislativo 7/2004, do 29 de outubro, queda redactado como segue:

Un. Suprímense os artigos 12 e 13 referentes ás funcións do Consorcio de Compensación de Seguros en relación co seguro obrigatorio de viaxeiros e o seguro obrigatorio de responsabilidade civil do cazador, respectivamente.

Dous. O primeiro parágrafo do número 1 do artigo 18 «Recargas a favor do Consorcio» queda redactado do seguinte modo:

«1. Son recargas a favor do Consorcio: a recarga no seguro de riscos extraordinarios, a recarga no seguro obrigatorio de responsabilidade civil na circulación de vehículos de motor e a recarga destinada a financiar as funcións de liquidación de entidades aseguradoras.»

Tres. A letra c) do segundo parágrafo do artigo 20 «Peculiaridades da tramitación de sinistros» queda redactada como segue:

«c) No exercicio da facultade de repetición polo Consorcio será título executivo, para os efectos do artigo 517 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil, a certificación expedida pola citada entidade acreditativa do importe da indemnización aboada por esta, sempre que o responsable fose requirido de pagamento e non o realizase no prazo dun mes desde o dito requirimento.»

Catro. O último parágrafo do número 4 do artigo 23 «Recursos económicos» queda redactado como segue:

«O tipo da recarga destinada a financiar as funcións de liquidación de entidades aseguradoras estará constituída polo 1,5 por mil das primas antes referidas.»

Artigo segundo. *Modificación do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro.*

Suprímese o último parágrafo do número 1 do artigo 33 «Beneficios da liquidación» do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, referente á non-aplicación das medidas contidas nese punto aos créditos a favor das aseguradoras.

Disposición transitoria única. *Aplicación do novo tipo do recarga destinado a financiar as funcións de liquidación de entidades aseguradoras.*

Os contratos de seguro en vigor deberanse adaptar á modificación introducida no número catro do artigo primeiro desta lei, como máis tarde, na primeira renovación que teña lugar a partir da entrada en vigor desta lei.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta lei e, en particular:

a) O artigo 7 «Funcións do Consorcio de Compensación de Seguros» do Regulamento do seguro de responsabilidade civil do cazador, de subscripción obrigatoria, aprobado polo Real decreto 63/1994, do 21 de xaneiro.

b) O título II «Do Consorcio de Compensación de Seguros» (artigos 25, 26 e 27) do Regulamento do seguro obrigatorio de viaxeiros, aprobado polo Real decreto 1575/1989, do 22 de decembro.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor ao mes da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir este lei.

Madrid, 3 de xullo de 2009.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO